



RESOLUCIÓN da Secretaría Xeral de Universidades do 17 de xullo de 2019 pola que se informa favorablemente a fase de estadía, segundo o disposto na Orde do 18 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria.

A Orde do 18 de febreiro de 2016 (DOG Núm. 44, do 4 de marzo de 2016), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece as bases polas que se rexe a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, en réxime de concorrencia competitiva. O anexo I desta orde regula a modalidade A destas axudas e establece no artigo 6 que as persoas contratadas polas entidades beneficiarias deberán realizar un mínimo de 21 meses de estadía e obter unha avaliación positiva nesta fase para poder acceder ao contrato na fase de retorno.

De acordo coas directrices emanadas da Instrución 2/2018, do 25 de xaneiro, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, pola que se inicia o procedemento de avaliación do rendemento na fase de estadía do persoal investigador contratado ao abeiro da modalidade A do programa de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2016, os servizos técnicos da Secretaría Xeral de Universidades avaliaron a documentación remitida pola USC en relación coa investigadora Adriana Cambón Freire..

De acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe dos servizos técnicos, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

1. Declarar que a persoa indicada a continuación acadou unha avaliación positiva da fase de estadía, conforme ao establecido no artigo 6 do anexo I da Orde do 24 de xullo de 2014 e coa Instrución 2/2018, o que lle posibilitaría acceder ao contrato da fase de retorno.

Nº expediente	UNIV.	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI
ED481B 2016/228	USC	Cambón	Freire	Adrina	*****61H

2. Co fin de comprobar a completa execución do período de estadía, a USC deberá achegar xunto co contrato de retorno o certificado da última estadía realizada ata a fin do contrato.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que consideren procedente.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

